

*Orde do 17 de marzo de 2008 pola que se convocan axudas económicas destinadas a subvencionar gastos de mantemento e funcionamento das asociacións e federacións de mulleres de Galicia.*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é o departamento da Administración autonómica a que lle corresponde o exercicio, como propias, das competencias e funcións en materia de igualdade de xénero, tal e como se establece no artigo 1 do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

A Secretaría Xeral da Igualdade, tal e como se establece no artigo 5 do dito decreto, é o órgano a que lle corresponden, entre outras, as funcións relativas ás políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero, de loita contra a discriminación por razón de sexo e de promoción da igualdade entre mulleres e homes. Polo tanto, unha das súas finalidades é promover as condicións para que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva, fomentando a participación das mulleres na vida social, superando calquera tipo de discriminación.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, considera necesario contribuír a estimular e, ao mesmo tempo, a dinamizar a vida interna das asociacións de mulleres, na procura da potenciación dos valores e finalidades destas entidades, de xeito que pon en marcha unha liña de axudas económicas dirixidas ás asociacións de mulleres e ás súas federacións.

Esta orde axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na lei anterior e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos, e os demais requisitos exixidos na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, existindo crédito axeitado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta.

Na súa virtude e en uso das atribucións que me foron conferidas,

#### **DISPOÑO:**

##### **Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas econó-

micas en favor das asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas, con destino a gastos correntes derivados do seu mantemento e funcionamento durante o ano 2008.

##### **Artigo 2º.-Entidades beneficiarias.**

1. As axudas poderán ser solicitadas polas asociacións de mulleres e federacións constituídas por estas domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de servizos sociais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, na área de actuación de muller.

2. Para os efectos desta orde é compatible a solicitude de subvención por parte dunha asociación coa pertenza a unha federación que, así mesmo, solicite a subvención.

3. Non se considerarán as solicitudes das entidades que non estean inscritas e coa totalidade dos seus datos actualizados na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

4. Tanto no caso das asociacións como das federacións as mulleres socias representarán, polo menos, o 90% da totalidade das persoas asociadas.

5. Os fins e obxectivos das asociacións e das federacións solicitantes deberán contribuír a:

- a) Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- b) Promover a participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

6. As entidades solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obter a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### **Artigo 3º.-Orzamento.**

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará as axudas obxecto desta convocatoria por un importe total máximo de 240.000 euros e con cargo ás seguintes partidas orzamentarias: 05.30.313B.480.0, cunha contía de 176.527,78 euros e 05.30.313D.481.0 cunha contía de 63.472,22 euros, correspondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

As axudas económicas que se outorguen ao abeiro desta orde poderán alcanzar como máximo o 90% do total do orzamento presentado.

##### **Artigo 4º.-Conceptos subvencionables.**

1. As axudas reguladas nesta orde teñen como finalidade fortalecer e consolidar o movemento asociativo de mulleres, por ser elemento indispensable na promoción da igualdade de oportunidades, establecendo unha liña de apoio ao seu mantemento e funcionamento. Por este motivo, concederanse axudas económicas para compensar os gastos que orixine o mantemento ou funcionamento destas entidades no exercicio 2008.

2. O mantemento inclúe o financiamento dos gastos correntes en bens e servizos asociados ao local onde se sitúe a sede social da entidade, obras de conservación e mantemento e pequenas reparacións que non teñan o carácter de inventariables, por non implicar incremento do valor patrimonial do dito inmovible.

3. A subvención do funcionamento ten como obxectivo facilitar o desenvolvemento das actividades propias e habituais da entidade, incluíndo gastos de subministracións, material funxible de oficina e ofimáticos, correo e outros análogos. Tamén serán subvencionables os gastos de persoal que desenvolva funcións administrativas.

4. Todos os gastos serán correntes, polo tanto, as entidades beneficiarias non poderán imputar gastos de investimentos para a xustificación da axuda concedida.

5. En ningún caso serán subvencionables os gastos correntes derivados do desenvolvemento de actividades ou programas da entidade solicitante.

*Artigo 5º.-Solicitudes, documentación e prazo.*

1. As entidades que desexen solicitar as axudas reguladas nesta orde deberán dirixir a súa solicitude á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, segundo o modelo que se achega como anexo I desta orde.

2. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

b) Fotocopia do DNI da persoa representante legal que asina a solicitude.

c) Certificación bancaria orixinal da conta da que é titular a entidade solicitante e onde se desexa que se faga efectivo o pagamento da subvención.

d) Certificación expedida pola secretaría da entidade, acreditativa da identidade da súa representación legal, conforme o modelo que figura como anexo II desta orde.

e) Memoria explicativa segundo anexo III desta orde.

f) Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir axudas ou subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria (anexo IV)

g) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (anexo IV).

h) Para o caso das federacións de asociacións de mulleres, achegarase certificación da secretaría da federación en que conste a relación nominal de aso-

ciacións que a compoñen, así como o número de asociadas de cada unha das ditas asociacións.

i) Copia dos estatutos da asociación ou federación.

A inscrición da entidade no Rexistro de Entidades será verificada de oficio por parte dos correspondentes servizos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3. As solicitudes xunto coa documentación requirida deberán presentarse no rexistro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, mediante instancia normalizada debidamente cuberta, ben directamente ou ben a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

*Artigo 6º.-Tramitación dos expedientes.*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano responsable da súa tramitación, comprobará que os expedientes reúnen todos os requisitos exixidos nesta orde.

En caso contrario, conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a entidade solicitante será requirida para que nun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste requirimento, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se considerará desistida na súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia crearase unha comisión de valoración para estes efectos, a cal estará presidida pola secretaria xeral da Igualdade ou a persoa en quen delegue, e da que formarán parte ademais: a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade, a subdirectora xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade, que actuará como secretario/a, e un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero.

2. A comisión de valoración, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional, que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

3. Avaliadas as solicitudes segundo os criterios establecidos no artigo 7º, a comisión de valoración elevará unha proposta de resolución ao órgano com-

petente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada.

Cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas polo/a interesado/a, formularase unha proposta de resolución provisional que se lles notificará aos/ás interesados/as para que no prazo de 10 días presenten as alegacións que estimen pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Prescindirase deste trámite cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións que as aducidas polos/as interesados/as, a ter, neste caso, a proposta de resolución carácter de definitiva.

#### Artigo 7º.-*Criterios de avaliación.*

Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades peticionarias teranse en conta os seguintes aspectos, e de acordo coas porcentaxes sinaladas a seguir:

a) Número e características das actividades realizadas pola entidade peticionaria nos últimos 3 anos, priorizaranse as actividades que se desenvolvan de xeito habitual ou periódico, así como a adecuación das actividades programadas pola asociación ou federación ás políticas de igualdade (ata o 40%).

b) Desenvolvemento das actuacións da asociación ou federación en pequenos núcleos de poboación rural e da beiramar galega (ata o 25%).

c) Participación en actividades formativas no ámbito da igualdade de oportunidades nos últimos 3 anos (ata o 35%).

#### Artigo 8º.-*Resolución.*

1. Correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, por proposta da comisión de valoración e despois da fiscalización pola intervención da antedita proposta, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses, computados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

#### Artigo 9º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do citado recurso contencioso-administrativo, poderase interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo, na forma e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

#### Artigo 10º.-*Aceptación da axuda.*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

#### Artigo 11º.-*Obrigas das entidades beneficiarias.*

As entidades beneficiarias das axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, especificamente o seguinte:

1. Cumprir o obxectivo e executar as accións que fundamentan a concesión das subvencións.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados co fin de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12º.-*Forma de pagamento.*

1. As entidades destinatarias das axudas, unha vez aceptada esta, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos á finalidade concreta para a que foron concedidos. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá comprobar, cando o considere conveniente, o cumprimento da finalidade da axuda.

2. Para o cobramento da axuda as entidades presentarán a seguinte documentación:

a) Para a xustificación dos gastos correntes e de funcionamento achegaranse as facturas orixinais pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente dos gastos realizados. Estes documentos deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido. No caso de que os orixinais dos documentos xustificativos non queden en poder da Administración, estes deberán ser estampillados pola Secretaría Xeral da Igualdade.

b) Certificación dos gastos realizados, onde conste a natureza e o importe de cada un deles, expedida pola secretaría da entidade co visto e prace da súa presidencia.

c) No caso de gastos de persoal que realiza funcións administrativas, achegaranse como xustificante tanto as nóminas acreditativas do pagamento como os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3. O prazo de remisión da documentación xustificativa remata o 30 de novembro de 2008.

4. A Secretaría Xeral da Igualdade, de atopar conforme a documentación xustificativa, propondrá o libramento de fondos, que en ningún caso superará o 90% do importe dos xustificantes presentados.

5. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria.

6. A entidade beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das

funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

7. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentada a correspondente xustificación entenderase que a entidade renuncia á axuda.

Artigo 13º.-*Gastos subvencionables.*

Terán a consideración de subvencionables, entre outros, os seguintes gastos correntes en bens e servizos:

a) Gastos correspondentes ao alugamento do local onde se sitúe a sede social da asociación ou federación.

b) Gastos de administración xeral e material funxible de oficina e ofimático, gastos de correo e outros análogos.

c) Gastos de persoal administrativo contratado pola asociación ou federación.

d) Obras de conservación e mantemento e pequenas reparacións que non teñan o carácter de inventariables, por non implicar incremento do valor patrimonial da sede social.

e) Asesoramento xurídico, fiscal e contable da asociación ou federación.

f) Gastos derivados das subministracións de auga, electricidade e similares relativos ao local da sede social, así como gastos da liña telefónica.

g) Instalación de liñas ADSL, mantemento de equipos informáticos e creación ou mantemento da páxina web da asociación ou federación.

Artigo 14º.-*Modificación das resolucións de concesión das axudas.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención, tal e como se establece no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-*Reintegro da axuda ou subvención.*

Procederá o reintegro total ou parcial da subvención e dos xuros de demora xerados, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos nesta orde.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades que deban reintegrarse terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

#### Artigo 16º.-*Fiscalización e control.*

1. A concesión das subvencións reguladas nesta orde, estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar poderá inspeccionar en calquera momento as actuacións realizadas.

#### Artigo 17º.-*Publicidade.*

Segundo o artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario a que se imputen, o/a beneficiario/a, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Por outra banda, e de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e os importes das axudas concedi-

das, polo que a presentación da solicitude leva consigo de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Finalmente, as entidades beneficiarias, coa presentación das solicitudes, autorizan a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos á axuda recibida, así como ás sancións impostas.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para este fin, que é de 240.000 euros.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias na secretaria xeral da Igualdade ao abeiro do disposto no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións convocadas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos así como o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos con relación ao disposto no artigo 73 a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Terceira.-As entidades beneficiarias atópanse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-En todo o non recollido nesta orde aplícase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en todo o que non se opón á dita lei, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Autorízase á secretaria xeral da Igualdade para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE  
E DO BENESTAR

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS A SUBVENCIONAR GASTOS DE MANTENIMENTO E FUNCIONAMENTO DAS ASOCIACIÓNS E FEDERACIÓNS DE MULLERES DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VP437A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE E DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL**

APELIDOS E NOME DA PERSOA REPRESENTANTE		DNI	
CARGO			
NOME DA ENTIDADE		Nº IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

**DATOS DA CONTA BANCARIA**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

**DATOS DA SOLICITUDE**

IMPORTE QUE SE SOLICITA
-------------------------

**DECLARO** que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

**ACEPTO** o compromiso de sometemento ás normas da convocatoria e de facilitar a información e documentación que se solicita.

**XUNTO** a documentación exixida na convocatoria.

De conformidade cos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia destas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que quen abaixo asina presta expresamente o seu consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 17 de marzo de 2008 pola que se convocan axudas económicas destinadas a subvencionar gastos de mantemento e funcionamento das asociacións e federacións de mulleres de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  <i>Lugar e data</i>	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

*ANEXO II*

**CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA IDENTIDADE DA REPRESENTACIÓN**

Dª  con DNI   
 en calidade de secretaria da entidade

**CERTIFICA**

Que Dª   
 con DNI  , ten o cargo de presidenta desta entidade, actuando como representante legal desta para os efectos de  
 subscrición da solicitude de axudas económicas para subvencionar gastos de mantemento e funcionamento, en virtude do estipulado nos estatutos.

No suposto de que a presidenta non sexa quen solicite a axuda, actúa como representante legal da entidade Dª   
 con DNI   
 para efectos da subscrición da solicitude de axudas económicas para subvencionar gastos de mantemento e funcionamento, en virtude do acordado  
 na asemblea que tivo lugar o día

E para que conste, para os efectos de presentación da solicitude de axudas económicas para subvencionar gastos de mantemento e funcionamento  
 ante a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, expido esta certificación en

*Lugar e data*

,

A secretaria da entidade

Asdo.

## ANEXO III

## MEMORIA EXPLICATIVA DA ENTIDADE

## 1. ENTIDADE SOLICITANTE:

NOME	CIF	Nº DE ASOCIADAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## 2. MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA OU ÓRGANO SIMILAR:

CARGO	APELIDOS E NOME	DATA NOMEAMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## 3. FINS DA ENTIDADE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E IMPLANTACIÓN TERRITORIAL:

<b>3.1. FINS DA ENTIDADE SEGUNDO OS SEUS ESTATUTOS:</b>		
<input type="text"/>		
<b>3.2. ÁMBITO TERRITORIAL DA ENTIDADE SEGUNDO OS SEUS ESTATUTOS:</b>		
<input type="text"/>		
<b>3.3. DATA DE CONSTITUCIÓN LEGAL DA ENTIDADE:</b> <input type="text"/>		
<b>3.4. RELACIÓN DE ASOCIACIÓNS INTEGRADAS (SÓ NO CASO DE FEDERACIÓNS):</b>		
CIF	NOME	DATA CONSTITUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>3.5. CONFEDERACIÓN OU FEDERACIÓN A QUE PERTENCE, SE É O CASO:</b>		
CIF	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

**4. ESTRUCTURA E CAPACIDADE DE XESTIÓN DA ENTIDADE:**

**4.1. INMOBLES**

4.1.1. INMOBLES EN PROPIEDAD	
ENDEREZO COMPLETO	VALOR CATASTRAL
TOTAL	
4.1.2. INMOBLES EN ARRENDAMENTO OU OUTRO TÍTULO DE USO E DESFRUTE	
ENDEREZO COMPLETO	IMPORTE ANUAL ARRENDAMENTO
TOTAL	

**4.2. PERSOAL RETRIBUÍDO**

	POSTO DE TRABALLO	NÚMERO	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL	Nº DE HORAS ANUAIS TRABALLADAS
<b>FIXO</b>				
	<b>TOTAL</b>			
<b>TEMPORAL</b>				
	<b>TOTAL</b>			

**5. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO DO ANO 2007.**

<b>5.1. INGRESOS</b>		
5.1.1. FINANCIAMENTO PROPIO		CONTÍA
5.1.1.1. COTAS DE SOCIAS/OS:		
5.1.1.2. OUTROS INGRESOS:		
<b>TOTAL (A)</b>		
5.1.2. SUBVENCIÓNS RECIBIDAS	ÓRGANO CONCEDENTE	CONTÍA
<b>TOTAL (B)</b>		
5.1.3. OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	PROCEDENCIA	CONTÍA
<b>TOTAL (C)</b>		
<b>TOTAL (A+B+C)</b>		

5.2. GASTOS		CONTÍA
5.2.1. GASTOS CORRENTES:		
	PERSONAL ADMINISTRATIVO	<input type="text"/>
	MANTEMENTO	<input type="text"/>
	OUTROS GASTOS	<input type="text"/>
	TOTAL GASTOS CORRENTES	<input type="text"/>
5.2.2. INVESTIMENTOS		
		<input type="text"/>
		<input type="text"/>
		<input type="text"/>
	TOTAL GASTOS INVESTIMENTOS	<input type="text"/>
5.2.3. GASTOS EN PROGRAMAS DE ACTIVIDADES		
		<input type="text"/>
		<input type="text"/>
		<input type="text"/>
	TOTAL GASTOS PROGRAMAS ACTIVIDADES	<input type="text"/>
	TOTAL GASTOS	<input type="text"/>
<b>5.3. RESUMO DE RESULTADOS DO ANO ANTERIOR</b>		
TOTAL INGRESOS	<input type="text"/>	TOTAL GASTOS <input type="text"/>
		DIFERENZA <input type="text"/>

## 6. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO PREVISTO PARA O ANO 2008

6.1. INGRESOS		
6.1.1. FINANCIAMENTO PROPIO		CONTÍA
	6.1.1.1. COTAS DE SOCIAS/OS:	<input type="text"/>
	6.1.1.2. OUTROS INGRESOS:	<input type="text"/>
	TOTAL (A)	<input type="text"/>
6.1.2. SUBVENCIONS RECIBIDAS	ÓRGANO CONCEDENTE	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	TOTAL (B)	<input type="text"/>
6.1.3. OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	PROCEDENCIA	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	TOTAL (C)	<input type="text"/>
	TOTAL (A+B+C)	<input type="text"/>

6.2. GASTOS		CONTÍA	
6.2.1. GASTOS CORRENTES:			
6.2.1.1. Gastos correspondentes ao alugamento do local onde se sitúe a sede social da asociación ou federación.		<input type="text"/>	
6.2.1.2. Gastos de administración xeral e material funxible de oficina e ofimático, gastos de correo e outros análogos.		<input type="text"/>	
6.2.1.3. Gastos de persoal administrativo contratado pola asociación ou federación.		<input type="text"/>	
6.2.1.4. Obras de conservación e mantemento e pequenas reparacións que non teñan o carácter de inventariables, por non implicar incremento do valor patrimonial da sede social.		<input type="text"/>	
6.2.1.5. Asesoramento xurídico, fiscal e contable da asociación ou federación.		<input type="text"/>	
6.2.1.6. Gastos derivados das subministracións de auga, electricidade e similares relativos ao local da sede social, así como gastos da liña telefónica.		<input type="text"/>	
6.2.1.7. Instalación de liñas ADSL, mantemento de equipos informáticos e creación ou mantemento da páxina web da asociación ou federación.		<input type="text"/>	
6.2.1.8. Outros gastos correntes.		<input type="text"/>	
6.2.2. OUTROS GASTOS			
GASTOS INVENTARIABLES		<input type="text"/>	
<b>6.3. RESUMO DE RESULTADOS PREVISTOS PARA O ANO 2008</b>			
TOTAL INGRESOS	<input type="text"/>	TOTAL GASTOS <input type="text"/>	DIFERENZA <input type="text"/>

**7. MEMORIA DE ACTIVIDADES**

7.1. PROGRAMAS REALIZADOS NOS ÚLTIMOS 3 ANOS				
DENOMINACIÓN	ANO	Nº BENEFICIARIAS	CUSTO	OBXECTIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Dº/D

representante legal da entidade solicitante, certifica a veracidade de todos os datos que figuran neste anexo.

Lugar e data

,

Asdo.:

## ANEXO IV

Dª  con DNI   
 representante da entidade   
 con NIF  solicitante da axuda económica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destinada a subvencionar gastos de mantemento e funcionamento das asociacións e federacións de mulleres de Galicia,

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que a entidade que representa non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións, establecidas nos números 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Que non ten solicitadas ou concedidas outras axudas para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Que ten solicitadas ou concedidas as seguintes axudas para gastos de mantemento ou funcionamento da asociación ou federación:

ADMÓN. PÚBLICA	ORGANISMO	ENTE OU SOCIEDADE	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

,

Asdo.

*Orde do 17 de marzo de 2008 pola que se convocan axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo.*

A incorporación da muller ao mundo laboral e académico é un feito indubidable que supuxo unha

transformación social. A evolución que tivo lugar durante o século XX e principios do XXI deixa patente que cómpre un cambio no contexto social, xa que os roles de xénero asignados se poñen en cuestión posto que sufriron unha importante evolución ata o momento actual. Polo tanto son necesarios novos elementos que axuden nesta transformación, proporcionando un desenvolvemento axeitado, coherente e sustentable no tempo.